



**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE**

**CULTURA E TURISMO**

Xefatura Territorial da Coruña  
Gabinete de Normalización Lingüística

Edificio Administrativo de Monelos  
R/Vicente Ferrer, 2-7º andar  
15071 A Coruña  
Tfno.: 981 184 898  
sxpl.acoruna@xunta.gal

galicia

**PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DE GALEGO DOS CENTROS DE TITULARIDADE PRIVADA DE GALICIA QUE IMPARTEN ENSINANZAS REGRADAS DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS PARA O CURSO ESCOLAR 2018/19 (PL500B)**

**PROPOSTA PROVISIONAL DE RESOLUCIÓN**

A Orde do 27 de decembro de 2018, da Consellería de Cultura e Turismo, anuncia a convocatoria de subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2018/19 (PL500B) (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2019).

De acordo co disposto na base 13 da convocatoria e logo do informe elaborado pola Comisión Provincial de Cualificación, constituída no Gabinete de Normalización Lingüística da Coruña, para a análise e cualificación dos proxectos (base 9 da convocatoria), a xefatura de gabinete formula esta Proposta provisional de resolución de adxudicación, na que consta a puntuación acadada para cada centro admitido (Anexo 1).

Así mesmo, segundo o previsto na convocatoria, esta proposta farase pública na páxina web <http://www.lingua.gal> e os centros interesados disporán dun prazo de dez días hábiles, que contarán dende o día seguinte ao da súa publicación, para formularen as alegacións que consideren oportunas sobre esta proposta ante a xefatura do Gabinete de Normalización Lingüística da Coruña. En todo caso, os centros que presenten alegacións enviarán un correo electrónico ao dito gabinete provincial (sxpl.acoruna@xunta.gal), no que indicarán o día en que presentaron a alegación e o motivo desta.

A Coruña, 16 de abril de 2019

O xefe do Gabinete de Normalización Lingüística da Coruña



Luís Sánchez Rodríguez



**Xacobeo 2021**